

**CG**  
autismoGALICIA

**Memoria**  
2016

---

**MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016  
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.**

\*Aprobada na Asamblea Xeral Ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2017  
en Santiago de Compostela

---

## Federación Autismo Galicia

Sede social: Rúa Home Santo de Bonaval,74  
Centro de Recursos: Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela.

T. 981 589 365

[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)










[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

 @federacion.autismo.galicia

 @AutismoGalicia



## Sumario

	Quen somos	
	I. Área de representación institucional e incidencia política	
	II. Área de Comunicación	
	III. Área de desenvolvemento asociativo	
	IV. Área de programas	

## Saúdo do Presidente



Antonio de la Iglesia  
**Presidente da Federación Autismo Galicia**

Estimados compañeiros e amigos:

Un ano máis vos presento a memoria de actividades da Federación Autismo Galicia coa sensación de que este ano foi especialmente produtivo en canto a avances logrados tanto para a Federación como para as entidades que a integran.

Un dos logros que, ao meu xuízo, ten máis importancia é o Convenio asinado coa Consellería de Educación relativo á colaboración e acceso aos centros públicos dos profesionais da Federación e das súas entidades.

Isto é de gran transcendencia non só polo feito de romper un tabú que durante anos intentamos salvar, que é a barreira existente entre o público e o privado, senón porque desde a administración abriuse unha canle de diálogo, comunicación e colaboración entre profesionais e centros que lle permitirá ás nosas entidades incidir directamente en mellorar a educación e atención dos nenos con NEE.

Actualmente os mundos da investigación, a tecnoloxía e a comunicación móvense a un ritmo ata hai pouco impensable, e probablemente nun futuro moi próximo, co desenvolvemento da nova xeración de ordenadores, esta velocidade increméntese dunha forma exponencial. Debemos estar cada vez máis atentos a estes avances para poder aproveitálos e así xerar melloras para as nosas entidades e maior calidade de vida para as persoas que as compoñen.

Síntome especialmente orgulloso do traballo que realizaron todos e cada un dos profesionais que compoñen o equipo humano da Federación. Traballaron duro, arreo, con empuxe e imaxinación. Sortearon e salvaron obstáculos importantes e xeraron un clima de traballo envexable. Soamente cun equipo como este pódese lograr facer todo o que se fixo este ano desde a Federación Autismo Galicia. A miña máis sincera noraboa.

En fin, despídome volendo animar ás entidades que compoñen a Federación Autismo Galicia para que manteñan a liña de traballo e colaboración que mantiveron con todos os programas que desenvolvemos xuntos durante este ano e poder así ter un maior impacto no que realmente nos interesa, mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e as súas familias.

Un abrazo.

**A**utismo Galicia nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, de titores e de profesionais, protectoras de persoas con trastorno do espectro do autismo da **Comunidade Autónoma de Galicia**. É unha entidade privada, sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de inscrición E-0948, declarada de utilidade pública por resolución do 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Autismo Galicia apóiase en financiadores públicos e privados e axusta o control destes fondos ao disposto na Lei de Mecenado (49/2002). As contas da Federación Autismo Galicia publícanse anualmente, son sometidas a auditoría externa e están dispoñibles en [www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org).

### Misión

Mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro do autismo (TEA en diante) e das súas familias, sendo destinatarias dos servizos da Federación as entidades galegas que desenvolven o seu labor coas persoas con TEA e coas súas familias e que son membro da Federación.



Adriana Cervantes Lamas. Fundación Menela. Vigo

A Federación Autismo Galicia é unha organización sostible social e economicamente que garante aos seus destinatarios unha carteira integral de servizos especializados e cohesionada en torno a un modelo de calidade de vida e unha xestión asentada en valores compartidos.

- Impulsa a participación das persoas na organización como un eixo vertebrador para o desenvolvemento da súa visión e favorece a competencia no desempeño dos seus profesionais.
- É un membro activo do terceiro sector que difunde a inclusión e o benestar social dos seus destinatarios e promove o voluntariado.
- Autismo Galicia basea a súa actuación nos principios de transparencia informativa,
- participación, solidariedade, igualdade e democracia interna.
- Consideración da persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Máxima calidade nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.

- Colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

## FINS

- ✓ Servir de nexo de unión entre as distintas entidades e organizacións membro.
- ✓ Defender a dignidade e os dereitos das persoas con autismo.
- ✓ Coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros organismos e federacións estatais ou internacionais que redunden en beneficio das entidades e organizacións membro.
- ✓ Promover a integración social e a normalización das persoas con autismo.
- ✓ Fomentar actitudes sociais positivas cara ás persoas con autismo.
- ✓ Crear as condicións para que as asociacións membros poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias.
- ✓ Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
- ✓ Ofrecer ás entidades membro servizos de asesoramento e desenvolver programas de formación para técnicos e familias.



## Organigrama

### ASEMBLEA XERAL

#### Xunta Directiva

Antonio de la Iglesia Soriano



**Presidente**  
Aspanaes

Cipriano Jiménez Casas



**Vicepresidente**  
APA CEE Menela

José Manuel Varela Rodríguez



**Secretario**  
APA Castro Navás

#### Consello Asesor

Manuel Ojea Rúa



TRASCOS

Doutor en Psicoloxía e catedrático en orientación educativa. Universidade de Vigo


Javier López González



Fundación Autismo Coruña

Neurólogo no Hospital Universitario de Santiago de Compostela

### Organización funcional




Patricia Blanco Riveiro



Xerencia  
xerencia@autismogalicia.org

Teresa García Barcala



Administración  
administracion@autismogalicia.org

Ángela Goiricelaya Seco




Axente de Emprego  
axente.emprego@autismogalicia.org

Cristina Couto Pena



Área de Programas  
cristina.couto@autismogalicia.org

Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez García



Departamento de Comunicación  
comunicacion@autismogalicia.org



### PROVINCIA DA CORUÑA

**Asociación ASPANAES** CIF G15048937, Rpte legal, María José Álvarez Folgar

**Fundación Autismo Coruña** CIF G15681919, Rpte. legal Eduardo Riestra Rodríguez-Losada.

**Asociación Asperga** CIF G70043435 Rpte. legal M<sup>a</sup> Soledad García Peralta

### PROVINCIA DE OURENSE:

**Asociación Trascos.** CIF G32444119, Rpte. legal, Manuel Ojea Rúa.

### PROVINCIA DE LUGO:

**Asociación Capaces Lugo** CIF G27450147, Rpte. legal, Maria Mosquera Carbón

### PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

**Asociación APA MENELA** CIF G36630614, Rte legal, M<sup>a</sup> Mercedes González González

**Asociación APA CASTRO NAVÁS.** CIF G36774753, Rpte legal, Eloy Alonso Misa

**Asociación APA MECOS.** CIF G 36024941, Rpte legal, Rocío Enjo.

**Asociación APACAF.** CIF G 36792463, Rpte legal, M<sup>a</sup> José Ferradáns Villar.

**Asociación Autismo Vigo.** CIF G 36849883, Rpte legal, Esperanza Domínguez Bautista

**Fundación Menela.** CIF G 36685964, Rpte legal, Pedro Fernández Fuentes.

**Fundación Tutelar Camiño do Miño.** CIF G 36992386, Rpte legal M<sup>a</sup> Isabel González Quiroga.

**Asociación Un Mais,** CIF G94046380, Rpte legal Montserrat Mon Romero

Lucas Fernández Veiga. Capaces.Lugo



## Novas entidades federadas



### Autismo Galicia reconece os presidentes da Federación

**Ricardo Toucela Couselo** (presidente entre 1995-1999 e 2003-2007), **José Antonio García Villar** (1999-2003) e **Cipriano Luís Jiménez Casas** (2007-2010) recolleron de mans do presidente de Autismo Galicia Antonio de la Iglesia o diploma de Socios de Honor e un pin como recoñecemento ao seu incansable labor en defensa das persoas con TEA e as súas familias. Eles sentaron as bases do que hoxe a Federación de Autismo Galicia

### Dúas novas entidades sumáronse a Autismo Galicia

Nesta Asemblea Xeral, aprobouse por unanimidade o exercicio de ano 2015 e o Plan de acción para o 2016, levouse a cabo o acto formal de integración na Federación dun Máis e Asperga. Estas dúas novas asociacións traballan pola inclusión das persoas con TEA en Tui e na Coruña e Vigo, respectivamente.



Asociación de pais, familiares e amigos  
de persoas con TEA  
do Baixo Miño



## Que é o autismo

O autismo é un trastorno de neurodesenvolvemento, de orixe que se adoita identificar durante os dous primeiros anos da persoa que o presenta. Caracterízase por alteracións na interacción social, na comunicación verbal e non verbal e a presenza de patróns restrictivos e repetitivos de conduta.

neurobiolóxica,  
de vida

Forma parte dos trastornos do espectro do autismo (TEA) un conxunto de trastornos complexos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, especialmente nos aspectos relacionados co procesamento da información que provén dos estímulos sociais.


Falamos dun espectro de trastornos pola grande heteroxeneidade dos síntomas, graos de afectación e necesidades das persoas que os presentan. O DSM-5 substituíu catro destes subtipos (trastorno autista, síndrome de Asperger, trastorno desintegrativo infantil e TGD non especificado) pola categoría xeral “trastornos do espectro autista” (TEA), especificando tres niveles de gravidade nos síntomas, así como o nivel de apoio necesario.

### CAUSAS

Na actualidade non é posible determinar unha causa única que provoque a aparición dos TEA, pero si a forte implicación xenética na súa orixe. A gran variabilidade presente neste tipo de trastornos apunta tamén á relevancia que pode ter a interacción entre os distintos xenes e diferentes factores ambientais no desenvolvemento dos TEA. Mais polo momento, estes elementos non están claramente identificados e aínda é necesaria moita investigación ao respecto.



Candela Rey. Apacaf. A Estrada



A Federación Autismo Galicia realizou no ano 2012 un estudo preliminar sobre a prevalenza dos TEA en Galicia. Este estudo naceu coa intención de achegarnos ao número aproximado de persoas que, na nosa comunidade, teñen un diagnóstico de trastorno do espectro do autismo, coñecer a súa distribución xeográfica e aproximarnos ás necesidades de atención que precisan en función dos servizos que dispoñen, así como paliar a falta de información sobre a prevalenza real dos TEA e a súa incidencia na poboación galega, **datos** que son **fundamentais de cara a detectar, canto antes, os/as nenos/as que poidan estar afectados na procura dunha intervención precoz.**

A intervención da que falamos, é fundamental para o desenvolvemento da persoa con TEA, así como para a mellora da calidade de vida das familias. **Esta intervención requirirá recursos específicos e especializados** que deben ter en conta as características fenotípicas da persoa coa que se vai desenvolver, e que deben ter como obxectivo fomentar ao máximo ás súas capacidades.

Destes datos e das demandas recollidas dende a Federación, extraemos unha serie de necesidades, destacando entre outras:

- A necesidade de crear **protocolos de actuación ante unha sospeita de Trastorno do Espectro do Autismo** que faciliten o

diagnóstico, atención temperá e itinerarios de vida.

- Maior dotación de **recursos materiais e humanos, así como formación** do persoal dos centros, tanto educativos como ocupacionais ou residenciais, que comprenda aspectos básicos como a comunicación, accesibilidade, detección, intervención etc.
- Maior **difusión e presenza dos recursos existentes**, así como a súa **extensión** xeográfica ou **campañas de sensibilización** para a comunidade educativa, social ou sanitaria.
- Establecer protocolos de actuación nos distintos eidos de intervención coa persoa con TEA, dende a escola ata o centro de saúde, centros de ocio ou calquera espazo que poida estar relacionado suprimindo ás barreiras de accesibilidade aos mesmos, entendendo en este sentido ás barreiras na comunicación.

Por todo isto consideramos que é fundamental **ampliar a capacidade de resposta da Federación Autismo Galicia e das súas asociacións e entidades federadas** co obxectivo de acadar estes recursos e protocolos logrando así que unha gran parte de persoas afectadas de TEA reciban a atención específica. Esta actuación permitirá, en liña co establecido

na estratexia española sobre discapacidade 2012-2020, **acadar o principio de**

**igualdade de oportunidades** das persoas con TEA no acceso aos recursos, que equiparen a súa situación ao resto da poboación, así como **optimizar a xestión de recursos** públicos por canto a detección e intervención temperá e a presenza de servizos específicos para a atención a estas persoas, evitará a necesidade de maiores inversións nas etapas máis avanzadas da súa vida.

## **FAMILIARES DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO**

As características das persoas con TEA, como as de calquera outro individuo, non se atopan illadas, senón que deben convivir e integrarse dentro do funcionamento cotián da familia. A grande maioría das familias teñen máis dun fillo, o que significa que deben brindar educación e cuidados á persoa con TEA e aos outros membros do grupo.

A convivencia cun membro con TEA supón ás familias retos significativos. Deben aprender a relacionarse e comunicarse con esta persoa, adaptar a dinámica familiar ás súas características particulares, axustarse aos cambios e complicadas decisións que implica a evolución do seu familiar, debendo afrontar estes retos sen descoidar outros aspectos da súa vida como o emprego, a saúde, o fogar e atención aos outros membros da familia.

Nesta situación, as familias non deben estar soas; é necesario que conten con apoios e recursos que alivien o estrés asfixiante e poidan contar coas mesmas oportunidades que outras familias. Na actualidade, as familias de persoas con TEA, continúan atopando barreiras, tanto

para lograr un diagnóstico acertado como para acceder a recursos e carecen de atención específica por parte dos servizos públicos. Esta falla contrasta coa preocupación internacional pola dimensión da problemática dos TEA e o seu recoñecemento como discapacidade con entidade diferenciada que se está a producir por parte da comunidade científica e técnica.

Diferentes estudos desenvoltos a nivel nacional e internacional (Belinchón y Cols., 2001; GETEA, 2004; Casado y Cols. 2008; Belinchón y Cols, 2008) poñen de manifesto que as familias demandan servizos de atención especializada cunha dobre finalidade: cubrir as necesidades directas das persoas con TEA e as que presenta o propio núcleo familiar (asesoramento e información, formación, apoio emocional, etc.).

Ante estas circunstancias, é deber das asociacións e entidades como a Federación Autismo Galicia dar resposta ás necesidades das familias de persoas con TEA, fomentando a súa participación activa, establecendo e mantendo unha filosofía de traballo para e coas familias, contribuindo deste xeito a mellorar a calidade de vida de todos os membros das unidades familiares e tentando dar cobertura ás demandas que se nos presentan.

## Prevalencia



NENOS 5 veces máis frecuente







# GALICIA

1.485 persoas


susceptible de  
presentar un TEA

# A atención ao autismo en cifras

## Base Social

-  13 entidades de iniciativa social
-  722 Socios/as de número
-  140 Socios/as colaboradores
-  4 Socios/as Honorarios

## Recursos Humanos



## Nenos/as con TEA

-  Servizos de valoración e orientación  
**118** informes emitidos
-  **139** Unidades Educativas
-  **170** Plazas de Atención temperá
-  **49** Deseño de estratexias educativas
-  **54** Plazas de respiro familiar

## Adultos con TEA


-  **16** Plazas de Formación pre-laboral e inserción laboral
-  **162** Persoas en Formación en Habilidades sociais
-  **148** Persoas en servizos de ocio e tempo libre
-  **112** Plazas de atención residencial
-  **77** Plazas de atención diurna terapéutica

# Persoas beneficiarias

## Desglose

- 1179 persoas con TEA
- 4716 Familiares de persoas con TEA
- 492 Profesionais

## Comparativa anual







# I. ÁREA DE INCIDENCIA POLÍTICA E REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

## Incidencia política e representación institucional

**O**bjectivo: que a entidade estea presente nos foros de representación do terceiro sector que traballen polo desenvolvemento de políticas sociais que afecten aos beneficiarios das accións da Federación e entidades asociadas

Durante o ano 2016 a Federación Autismo Galicia tratou de fomentar ao máximo a súa presenza, de xeito activo nos distintos foros de representación institucional da discapacidade, exclusión social, e específicos dos TEA: CERMI Galicia, EAPN Galicia, Asociación Autismo Europa, Confederación Autismo España. Ademais de reforzar vínculos, participar en reunións de traballo, conferencias, xornadas, etc, se promoveron e avanzaron en propostas de converxencia asociativa impulsando a mesma, tanto cara a fóra como cara a dentro e, despois dun ano no que se definiu a nivel interno que, claramente, a Federación Autismo Galicia, representa

exclusiva e especificamente ao colectivo de persoas afectadas polos trastornos do espectro do autismo e se consolidaron fortes alianzas entre as entidades asociadas.

Ademais das colaboracións con entidades do terceiro sector, a Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes mantén unha actividade de representación institucional ante a Administración Pública, Universidades, e calquera outro organismo que se constituía en interlocutor necesario.

A representación institucional se exerce pola Xunta Directiva e Xerencia da Federación, así como polos responsables de áreas e polas asociacións e entidades federadas.



### **CERMI GALICIA e CERMI ESTATAL:** A Federación Autismo Galicia

formou parte das Comisións permanentes e específicas do Cermit Galicia. Asemesmo participou na revisión legislativa e achegas ás comisións nacionais, (representación na comisión nacional de ocio inclusivo). O mesmo tempo levou a cabo accións específicas conxuntas para o seguimento da Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020



### **EAPN GALICIA:** Dende o ano 2015 a Federación Autismo Galicia pasa a

formar parte da Xunta Directiva de EAPN-Galicia como Tesoureira participando nas reunións da Xunta Directiva e Asembleas Xerais e na representación institucional. Colaborou en campañas como “As persoas primeiro” e a X-Solidaria, no Día para a Erradicación da Pobreza na sede do Valedor do Pobo e no VI Foro de Pobreza e Exclusión.



**AUTISMO ESPAÑA** e Autismo España manteñen un traballo continuo de coordinación, intercambio de información e apoio nas accións de incidencia política. Serva como exemplo a colaboración en grupos de traballo como 'Emprego e TEA', a campaña de sensibilización 'Inclusión, dignidade e respecto' e accións específicas no estudo Envellecemento e TEA: unha etapa invisible" e na elaboración dun Censo Estatal de persoas con TEA. Tamén nos 'Días Mundiais'



Mantense, sobre todo na área de comunicación un fluxo de información permanente que permite dar publicidade e coñecemento ás accións da Federación e entidades federadas a nivel europeo.



Colaboración na investigación sobre TEA do Departamento de Neurociencia



Colaboración no estudo promovido dende a Consellería de Política Social e realizado pola USC sobre Produtos de apoio para persoas con Discapacidade

**ASOCIACIÓNS:** Dende a Federación se promoveu o afianzamento das novas asociacións, que naceron coa vocación de crear respostas novas a problemáticas das persoas con TEA nas provincias de intervención. O apoio prestado foi tanto político como de asesoría técnica e captación de fondos.

#### OUTRAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL:

##### Fundación Barrié

Participación nos Programas Formativos de Fundación Barrié e accións de apoio e asesoramento para a mellora da xestión da entidade.



Apoio para a realización de accións de formación e mellora da atención ás persoas con TEA dende a Administración local.



Participación na elaboración dunha investigación sobre o uso de APPs por persoas con discapacidade.



Participación no Programa de ocio accesible promovido pola Fundación Emalcsa e o Concello de A Coruña.



Alianza coa Fundación Nortempo para a inserción sociolaboral de persoas con TEA.

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA:

A Federación Autismo Galicia estrutúrase coma a entidade marco en Galicia de referencia na defensa dos dereitos e intereses das persoas con TEA, así como do asesoramento técnico neste eido perante a Administración Autonómica. Durante este ano véñense producindo diversos encontros con responsables técnicos e políticos nas distintas áreas que afectan á atención ás persoas con autismo.

- Participación na Comisión posta en marcha pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o deseño do Protocolo de Atención ao Alumnado con TEA.
- Colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en relación á labor de promoción do galego como lingua vehicular nas comunicacións da federación nas súas publicacións científicas.
- Incidencia ca Secretaría Xeral de Política Social para analizar as novas necesidades en materia de atención sociosanitaria.
- Incidencia co Conselleiro de Política Social e visita á federación para realizar a presentación da entidade e demandas en materia social.
- Participación no Consello Asesor de Pacientes do SERGAS e no grupo de deseño do Programa E-Saúde.

## ADMINISTRACIÓN LOCAL:

Unha das liñas xa iniciadas en anos anteriores centrouse en establecer vías de coordinación para o apoio e asesoramento aos Concellos galegos en relación ao asesoramento para a mellora das súas políticas sociais vinculadas á atención a persoas con TEA, este ano reforzáronse os esforzos da Federación Autismo Galicia neste senso.

- Concello de Ames: Concellería de Igualdade, Dependencia, Axuda a Domicilio, Servizos Sociais e Inmigración.
- Concello de Cerceda: Concellería de Servizos Sociais.
- Concello de Monforte: Concellería de Servizos Sociais e discapacidade.
- Concello de Pontearreas: Concellería de Deportes.
- Concello de Muros: Alcaldía.
- Concello de Mondariz: Alcaldía e Concellería de Servizos Sociais.



Presentación X-Solidaria, xornada na EAPN, participación na Campaña As persoas primeiro, e traballo de incidencia política en reunións con políticos, de arriba abaixo



## II. ÁREA DE COMUNICACIÓN

Día do Autismo

Discapacidade

Programa de información e difusión

Programa de publicacións

Programa de sensibilización social

## Programa de sensibilización social

Un dos **obxectivos** fundamentais do departamento de Comunicación de é a visibilización e normalización do colectivo dos TEA, conscientes de que a sociedade ten que coñecer e ter en conta as distintas realidades que conviven nela. A través de distintas campaña pretendemos fomentar a inclusión, a tolerancia e o respecto, poñendo o acento nas capacidades e desexos das persoas con TEA e non nas súas dificultades.

### ACTUACIÓNS NO DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Autismo Galicia, conxuntamente coa Confederación Autismo España e en coordinación con Autismo Europa, promoveu a campaña de concienciación 'Inclusión, tolerancia e respecto para celebrar o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.

O obxectivo foi atraer a atención dos cidadáns sobre a realidade do noso colectivo para chegar á inclusión social das persoas con TEA na sociedade baixo un contexto de igualdade de oportunidades.



Na campaña do Día do Autismo e en Galicia, o noso ámbito de actuación, implicouse un amplo e variado sector da sociedade: dende a Asociación do Audiovisual de Galicia, ata traballadores dos Medios de Comunicación, deportistas de elite, políticos, sanitarios, colexios profesionais, entidades do terceiro sector, familias...

- Entre o 29-3-2016 e o 4-4.-2016 **alcanzáronse 27.200 persoas**
- Interaccións: 7.902
- Me gusta: 115
- O pico máis alto de visitas ao Facebook foi o Día do Autismo chegando á cifra récord de 11.856 persoas.

Memoria gráfica:



Entre as actividades levadas a cabo por Autismo Galicia destacan a seguintes:

**1. Campaña Iluminado de Azul.** Autismo Galicia xestionou a iluminación de azul dos principais edificios públicos de Santiago de Compostela. Por primeira vez uniuse á iniciativa, o Concello de Santiago e o Hostal do Reis Católicos, xerando un espazo azul na emblemática Praza do Obradoiro. Tamén se sumou a Cidade da Cultura e invitouse a distintos Concellos de toda Galicia a iluminarse de azul.

**2. Concentración na praza do Obradoiro, en Santiago.** O acto ao que asistiron representantes do colectivo de persoas con TEA da zona de Santiago de Compostela, así como outros axentes implicados e profesionais, consistiu nunha xuntanza na praza do Obradoiro coa asistencia da Concelleira de Política Social do Concello de Santiago de Compostela, Concepción Fernández, así como o Presidente e Secretario Xeral do CERMI-Galicia, Anxo Queiruga e Carlos Fernández .

**3. Mesa Informativa no Hospital Universitario de Santiago.** No Hospital Clínico de Santiago de Compostela instalouse una 'mesa Durante o acto un residente do centro procedeu ler o manifesto do Día Mundial do

informativa' a que foron invitados profesionais, medios de comunicación social e que contou coa intervención do Xerente da EOXI, a técnico da Federación, responsable da Área de Saúde, Teresa García Barcala, o Presidente da Federación Tamén participou o presidente de Autismo Galicia, Antonio de la Iglesia Soriano e o Conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña. Os pacientes que nese día pasaron polo CHUS tiveron a oportunidade de coñecer máis en profundidade o Trastorno do Espectro do Autismo.

**4. Conmemoración do DMA no Centro Coral Seoane de Aspanaes.** A Federación Autismo Galicia conmemorou este día cun último acto celebrado o 4 de abril, no Centro Coral Seoane da Asociación Aspanaes en Ferrol ao que asistiu o Presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo, o Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, así como outros cargos políticos e técnicos.

Realizamos unha visita polas distintas instalacións do centro de día e residencial, asistindo a distintas actividades que se estaban a realizar dentro da planificación da xornada, así como a explicación por parte de distintos técnicos sobre características e métodos de intervención que se están a levar a cabo. Autismo, así como o Presidente da Xunta de Galicia que interveu cun discurso.



O presidente da Xunta de Galicia visita o centro de Aspanaes Coral Seoane de Ferrol



## DIFUSIÓN E PRESENCIA EN MEDIOS DAS ACTIVIDADES DO DMA2016:

Para levar a cabo a difusión destes actos e a consecuente tarefa de sensibilización obxecto da campaña a cabo realizáronse as seguintes acción que tiveron este impacto en medios xeneralistas de comunicación:



**REDES SOCIAIS**  
**27.200 IMPACTOS**

**PRENSA**  
**35 NOVAS**

**RADIO**  
**6 NOVAS**

**TELEVISIÓN**  
**8 NOVAS**

**2 de abril | Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo**

**#DiaMundialAutismo**

## CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NO DÍA DA DISCAPACIDADE

### #Persoas con ForTEAlezas

No caso das persoas con TEA atopamos numerosos estereotipos que catalogan e clasifican cando pola contra sabemos da gran diversidade que conleva este espectro.

Buscando dar un xiro de perspectiva Autismo Galicia levou a cabo unha campaña para visualizar dous conceptos básicos sobre as persoas con TEA:

Non só teñen dificultades, tamén contan (como todas as persoas) con fortalezas e sobre estas hai que poñer o aceno. Cada persoa con TEA é diferente, é un espectro diverso.

Nesta campaña de sensibilización trece persoas con autismo deixáronse seducir pola cámara e permitíronnos capturar as súas capacidades, que quedaron reflexadas neste calendario 2017. Na campaña participaron entidades federadas na FAG de distintos puntos de Galicia: Aspanaes, Apacaf, Fundación Menela e Capaces Lugo.



**Editáronse 1.500 calendarios**

## Programa de información e difusión

**A** través de internet se orienta, forma e asesora e publícase información sobre as actividades que se desenvolven na Federación Autismo Galicia e nas súas entidades. A presenza na rede semella fundamental para a visibilidade do colectivo. Por este motivo a Autismo Galicia, mantén a súa páxina web permanentemente actualizada co obxectivo de constituír unha fidedigna fonte de información. Así mesmo está presente na rede social Facebook e Twitter.

### INFORMACIÓN E DIFUSIÓN EN WEB E REDES SOCIAIS:

#### NÚMERO DE VISITAS Á WEB 2016

A páxina web constitúe un punto de encontro, unha referencia para todas aquelas persoas interesadas nos TEA e tamén un foco de información para os medios de comunicación.

**78.026 visitas,**  
un 85,73% máis que no 2015

#### PÁXINA DE FACEBOOK @federacion.autismo.galicia

A páxina Facebook de Autismo Galicia é unha fonte constante de novas e de incidencia social. O obxectivo pasa por dar maior visibilidade ao colectivo, tratando de chegar a un público interesado nos TEA pero tamén abrindo novas vías para conectar coa sociedade en xeral.

**2.516 seguidores**  
un 81% máis que no 2015

#### TWITTER (@AutismoGalicia)

Con presenza dende o 28 de abril de 2014 e que na actualidade conta con 1090 seguidores conseguindo un aumento dun 57% respecto ó ano anterior.

**1.153 seguidores**  
un 57% máis que 2015

## INFORMACIÓN E DIFUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Autismo Galicia xerou 96 novas que foron publicadas nos principais medios de comunicación xeralista da comunidade: La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Faro de Vigo e El Progreso logrando así chegar a poboación galega en xeral. Tamén en radios, como en Cadena Ser, Onda Cero, Cope e locais como Radio Muros ou Radio Estrada.

Máis alá de difundir as actividades que realiza a FAG, Autismo Galicia pretende axudar a construír conciencia social e promover e garantir a plena inclusión das persoas con con TEA na sociedade.


**Publicáronse 96 novas prensa, radio e televisión.  
Un 86 % mais de impacto en medios de comunicación que 2015**

### PROGRAMA DE PUBLICACIÓNS

#### REVISTA MAREMAGNUM

A Federación AUTISMO GALICIA publica o número XX da revista científica MAREMAGNUM, sobre os Trastornos do Espectro do Autismo. Maremagnum XX conta con 202 páxinas que están editadas en formato libro. Tamén se pode acceder a ela a través de internet, na páxina web de Autismo Galicia. Neste número incorporouse por primeira vez ao servizo en liña Issuu, que permite a visualización, de forma máis atractiva e dinámica, de material dixitalizado electronicamente. Maremagnum entra a formar parte, deste forma, dunha biblioteca mundial, coa posibilidade de que os usuarios a atopen facilmente, poidan compartila, opinar sobre ela e mesmo descargala

#### FORMATO PAPEL:



**Revista:** Maremagnum

**Nº:** XX. Ano 2016

**Páxina.** 202 páxinas

**Director:** Cipriano Luis Jiménez Casas

**Edición:** bilingüe (castelán-galego)

**Portada:** Ilustración do pintor Ánxel Huete, a quen o vindeiro ano 2017 o MARCO de Vigo lle fará unha exposición antolóxica

**Exemplares:** 500 exemplares

FORMATO DIGITAL:

The screenshot displays a digital document with two pages. The left page (page 47) features a flowchart titled "Encrucillada diagnóstica no autismo infantil/2" by J. L. Pedreira Masoa. The flowchart starts with a box containing "Menor de 18 anos", "Alteración en la interacción social", "Alteración cualitativa de la comunicación", and "Actividades e intereses restringidos". It branches into "Perdida de habilidades ya adquiridas" (Yes/No) and "Alteración cualitativa de la comunicación" (Yes/No). Further branches lead to "Síndrome X 84.1", "Síndrome X 84.2", "Síndrome X 84.3", "Síndrome X 84.4", and "Síndrome X 84.5".

The right page (page 48) is titled "Actualización clínica da psicose na infancia". It contains several numbered sections:
 

- 8.2. **Síndrome de Rett:** o dato fundamental: só parece en mozas e existe unha afectación xenética na facción Mecp2. O cadro é fundamentalmente de base neurolóxica e dexeenerativa.
- 8.3. **Trastornos desintegrativos:** as afeccións tipo son o **síndrome de Heller**, a **enfermidade de Leonhard** e a **dementia infantilís puerococissima de Sancta de Sanctis**, onde o que domina é unha evolución a aspectos demenciais e perda progresiva das funcións cognitivas e habilidades adquiridas. É importante resaltar que, a pesar das deficiencias sinálicas, non é un cadro que sexa propiamente un atraso mental.
- 8.4. **Esquizofrenia infantil:** a aparición deste proceso é máis tardía no tempo, a partir dos 3-5 anos de idade. As alteracións da comunicación e da linguaxe son máis fortes e adoita aparecer con alteracións de comportamento.
- 8.5. **Grave de privación social:** os **trastornos vinculares** están sempre presentes e domina a deficiencia severa á hora de establecer unha estimulación eficaz de forma crónica. Antecedentes persoais: de institucionalización precoz, abandono, malos tratos (fundamentalmente psicolóxicos e institucionais), negligencia de cuidados. Antecedentes familiares: enfermidade mental severa, activa e sen tratamento adecuado nin apoio social, nunha ou ambas as figuras parentais, consumo de substancias de abuso, desarramamento social con funcionamento encerrado e illado que pode tender cara á marginación. Cadro clínico: desconexión co medio, unha certa apatía cara ao contexto que alterna con fases de irritabilidade, atraso psicomotor con perfil moi desaharmónico. Presenza de signos de abandono ou negligencia (p. ex. desnutrición, falta de hixiene, signo do golpe de machado por estar moito tempo recostado). Na conduta social domina o rexecitamento no contacto social, sendo máis paciente que o illamento. Diagnosticase de cadros variados, entre eles de TDAH.

 A text box at the bottom right of the page states: "O diagnóstico de cadros de autismo e psicose infantil debe ser realizado por psiquiatras infantís con formación e experiencia, polo que ante a sospeita deste tipo de cadros debe derivarse a servizos de psiquiatría e/ou saúde mental infantil."

REVISTA AUTISMO GALICIA

A revista AutismoGalicia está concibida como unha publicación para as familias e profesionais das asociacións e entidades federadas e co obxecto de difundir, de xeito transversal a cantos forman parte do noso colectivo de atención, as actividades e accións máis importantes desenvoltas, tanto pola Federación como polas asociacións, co fin de que resulte motivador para todos o traballo realizado ao longo do ano.

A revista ten unha tirada de **700** exemplares, distribuídos entre familias e profesionais directamente dende as asociacións.

Esta ano as **páxinas da revista aumentaron de 16 a 24**, dado o volume de información xerada por Autismo Galicia ao longo do ano. Tamén ampliou o espírito da revista dándolle voz propia a todos e cada un dos protagonistas das novas: dende os pais, a profesionais, monitores e os responsables de área da Federación de Autismo Galicia.





**ABANCA**  
Sentir común

### PAUTAS DE INTERVENCIÓN ANTE UN PROBLEMA DE CONDUCTA SEXUAL

PUESTA EN PRÁCTICA	EVALUACIÓN
<ul style="list-style-type: none"><li>• EJECUCIÓN<ul style="list-style-type: none"><li>- Respeto privacidad</li><li>- Individual</li></ul></li><li>• SEGUIMIENTO</li><li>• COORDINACIÓN</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• OBJETIVOS / PROCESO</li><li>• INFORMAR A LA FAMILIA</li><li>• ELABORAR INFORME ESCRITO</li></ul>

## III. ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

Servizo de Información e Asesoramento a entidades  
Programa de Formación

## Servizo de información e asesoramento a entidades

**A** Federación Autismo Galicia ten o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade. Na federación converxen os esforzos das trece entidades das que está formada levando a cabo a súa representación institucional e marcando as estratexias a seguir en canto a súa incidencia política.

### Infoasociacións. Convocatorias

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

*ORDE do 30 de decembro de 2016 pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020. [DOGA, nº 13, 19 xaneiro de 2017](#)*

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

*ORDE do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2016/17, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos. [DOGA, Nº 18, 26 de xaneiro de 2017](#)*

*ORDE do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2017, co obxecto de coñecer a lingua dese país. [DOGA, Nº 19, 27 de xaneiro de 2017](#)*



**Federación Autismo Galicia**

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 Bxo.  
15.703 - Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981.589.365 Fax: 981.589.344

Periodicamente a Federación Autismo Galicia informa as súas entidades de toda aquela información de relevancia para o colectivo. A federación mantivo informadas as súas entidades puntualmente da actividade xerada por cada área de traballo da organización, así como doutras novas interesantes para o colectivo de fontes externas: Normativa, Administración, Formación.

Durante este exercicio rexistáronse 300 boletíns informativos, unha media estimada de 5 por semana.

O servizo asesoramento a entidades federadas apoia o traballo das entidades logrando maior converxencia identitaria e a potenciación das súa actividades. Dende a Federación estase sempre dispoñible para o asesoramento en investigación, formación, divulgación ou calquera outro tipo de información que repercuta positivamente nas asociacións e, por conseguinte, no colectivo.

## Programa de formación



O obxectivo de Autismo Galicia á hora de realizar a formación é que se adquiran por parte dos profesionais e familias habilidades básicas imprescindibles para mellorar a intervención coa persoa con TEA, nos ámbitos sociais sanitarios e educativos.

Durante o 2016 leváronse a cabo cinco cursos. O primeiro deles tiña por título 'Intervención sobre as condutas inadecuadas en persoas con TEA: **Apoio conductual positivo**'. Nel tratouse de entender por qué se producen e se manteñen as condutas inadecuadas en persoas con TEA. Saber que detrás destes comportamentos existe un motivo que aprenderemos a descubrir e analizar para así poder planificar e intervir de forma proactiva. Adquirindo diferentes estratexias para resolver estes problemas tanto a través do ensino de habilidades ao alumno como a través de adaptacións na contorna, xa sexan de tipo físico, metodolóxico, social ou outros. Aínda así, ás veces chegamos tarde e a crise desencadéase polo que tamén aprenderemos que facer e que non facer nestas situacións. Cubríronse todas as

prazas ofertadas, 25 e o grado de satisfacción dos asistentes foi óptimo.

No mes de febreiro ofertouse o curso '**Contención mecánica: avaliación e control en situación de crise**' no que se trataba de formar en técnicas de contención mecánica a familias e profesionais como forma de control ante situacións de crisis. Para evitar de forma ética e segura poñer en perigo a integridade física da persoa con TEA, o profesional ou a da súa contorna. Asistiron 40 persoas. En abril repetiuse este curso. Outro dos cursos que alcanzaron un grande interese foi o de '**Sexualidade en persoas con TEA**', con 104 asistentes e unha longa lista de espera. O penúltimo curso do ano 2016, en novembro, foi '**Curso Autorregulación Medos e Fobias en persoas con TEA**' con 106 asistentes. Autismo Galicia contribúe, desta forma, a atender a demanda que existen entre profesionais e familiares de formarse para atender as necesidades do noso colectivo. Finalmente levouse a cabo o curso: Obradoiros de corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado de persoas con TEA



## **IV. ÁREA DE PROGRAMAS**

### **ÁREA 1. Atención Socio-Familiar**

Programa de información e orientación a familias

Programa de ocio e Respiro Familiar

Programa de Inclusión Social para persoas con TEA

### **ÁREA 2. Saúde**

### **ÁREA 3. Educación**

### **ÁREA 4. Emprego**



## Área 1. 1 Información e orientación a familias

**O**bjectivo específico: Que as familias das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) desenvolvan capacidades para dar resposta ás necesidades que o seu contexto familiar manifesta.

A familia da persoa con TEA, vai a seu fillo/a, ao longo da súa vida, pero primeiros anos onde este se fai máis emocional do diagnóstico e das afrontar: aspectos terapéuticos, ás fases ás que se enfrenta no seu a programación feita para as familias se consensuada entre os técnicos da Asociación federadas.

precisar apoio, ao igual que o si hai que indicar que son os evidente, dado o impacto sucesivas fases ás que se vai educativos, etc. Sen esquecer propio seo. En función desto, realiza sempre de forma Federación e os das

### 1 Servizo de información a familias

Este é un recurso dirixido a atender as consultas de familias que estean relacionadas ou interesadas no TEA. Neste servizo, inclúese o proceso de recepción das familias cuxos fillos/as teñen diagnóstico clínico de TEA ou sospeita do mesmo. Realízase asesoramento e información sobre os itinerarios para a realización do diagnóstico no caso de non habelo, e a posterior valoración e orientación dentro da rede de servizos das entidades da FAG.

**BENEFICIARIOS DO SERVIZO:**

**2.136** persoas familiares de persoas con TEA.



Katia Castro. Apacaf. A Estrada

## 2 Proxecto Coidamos-TEA



COIDAMOS- TEA é unha proposta de empoderamento das familias de persoas con autismo e os concellos nos que residen co fin de mellorar a atención ás persoas con TEA que se desenvolveu en catro concellos (Cee, Pontearreas, Burela, Monforte de Lemos) un en cada provincia da comunidade de Galicia, ofrecendo formación especializada ás familias e asesoramento aos técnicos municipais para orientar as servizos locais ás necesidades das persoas con autismo. O aspecto diferenciador radica no traballo en rede entre os protagonistas na atención aos TEA: a familia, a administración pública e as

entidades sociais especializadas. Para a entidade é un medio de creación de novas redes de colaboración cos concellos e o incremento do número de entidades asociadas. CoidamosTEa proxectábase como unha acción estratéxica para a Federación Autismo Galicia como instrumento para converterse en axente centralizador da atención ás persoas con TEA naquelas zonas xeográficas na que non existe presenza de entidades pertencentes a devandita Federación. Tal como se pretendía, CoidamosTEA permitiu iniciar novos proxectos no ámbito local contando co apoio e compromiso das administracións locais para levalos a cabo.

 Participaron  
10 profesionais

 Participaron  
60 familias

## 3 Xornadas de Orientación xurídica

Ao longo do ano desenvóléronse organizáronse catro xornadas informativas para profesionais e familias de persoas con TEA sobre aspectos legais da discapacidade, procesos de incapacitación, testamentos, etc, e unha ponencia sobre “Figuras de protección no ordenamento xurídico español”. **Asistentes** : 100 persoas.

## Área 1.2 Programa de ocio e respiro familiar

O obxectivo é que as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo gocen de diferentes alternativas de ocio, fomentando as relacións de carácter interpersonal e a autonomía persoal mediante novas experiencias e actividades

O desenvolvemento deste programa se orixina na necesidade manifestada polas familias, directamente ou ben a través das súas asociacións de contar con servizos de apoio complementarios aos que xa prestan estas e que dean cobertura á demanda de servizos adaptados de ocio para os nenos/as con TEA durante o período estival. A modalidade de prestación do servizo se fixo foi directamente pola Federación Autismo Galicia e tamén por subcontratación coas entidades federadas. As actividades desenvoltas foron dúas: 'Ímonos de Campamento', executada pola Asociación Aspanaes e 'Verán en Allariz', executada por Autismo Galicia.

**ÍMONOS DE CAMPAMENTO.** O programa 'Ímonos de Campamento' pretende ser un recurso de ocio activo para as nosas persoas usuarias, tratando de acadar nestes días o máximo disfrute dos nenos/as, á vez que se lle facilita ás familias das

persoas usuarias uns días de "Respiro Familiar" aínda que con este programa trátase sobre todo de proporcionarlle ós nenos con TEA a posibilidade de desfrutar dun ocio activo adaptado os seus gustos e capacidades. O campamento foi do 4 de xullo ao 29 (4 semanas). Os nenos/as foron distribuídos en 4 quendas. Cada luns tiñan prevista a chegada ás 10:00 da mañá e a saída o venres as 17:00.

As actividades foron programadas en función das características e necesidades dos participantes así como pola súa idade, tendo en conta os gustos e intereses dos distintos participantes e a súa seguridade. Ademais, a selección das actividades de lecer realizouse de acordo cos seguintes criterios: actividades divertidas, actividades sen barreiras e actividades de participación na comunidade. O programa ten por unha parte unha gran aceptación entre ás familias que son as que inicialmente fan a demanda do mesmo, pero igualmente os rexistros dunha enquisa dan como moi favorables ás valoracións das propias persoas con TEA, na que na maioría dos casos presentan unha mellora importante da súa conduta.



**146 beneficiarios indirectos (familias)**



**41 beneficiarios directos**



**Programa Respiro Familiar.** A accións realizadas neste programa, consistiu en actividades de respiro familiar que, pola súa metodoloxía de selección de participantes pretendían favorecer ás familias que o precisaban, pero a oferta de respiro supuxo tamén un tempo de beneficio para os seus fillos, que tiveron ocasión de asistir a actividades programadas e especialmente destinadas a fomentar o seu benestar físico e emocional.



**10 beneficiarios directos**



**40 beneficiarios directos (familias)**

## Área 1.3 Programa de inclusión social



**C**o obxectivo de garantir a inclusión social das persoas con TEA e as súas familias desenvolvemos ao longo do ano 2016 un programa de inclusión específico e adaptado a necesidades reais e en colaboración coas entidades federadas.

O programa de Inclusión social, desenvólvese en dos eidos: por unha banda un programa de promoción de habilidades sociais para a inclusión social con persoas con TEA a través das nosas entidades federadas e por outra banda accións de promoción de medidas de adaptación e asesoramento de espazos de interacción social.


O programa de inclusión social desenvólvese a través da programación de actividades nas que se traballa de xeito individualizado e atendendo ás idades e capacidades para a adquisición de habilidades de desenvolvemento levadas a cabo en contextos naturais como: saídas a cafeterías, compras e actividades de ocio en centros comerciais, actividades culturais en espazos públicos, tamén participación en celebracións de tipo comunitarias, realización de actividades deportivas e todas aquelas contribuíntes a acadar unha participación plena da actividade. Nestas actividades participaron Capaces Lugo, Autismo Vigo, Apacaf, Asperga, Trascos, APA Os Mecos, Aspanaes e APA

Jimmy Frausto. Apacaf. A Estrada

CEE Menela. Por outra banda desenvólvense actividades apoio psicolóxico as persoas con TEA co obxectivo de promover a súa autonomía personal

**Demanda rexistrada:** Prazas ofertadas: 161

Demandas recibidas: 185 solicitudes. Prazas cubertas: 161 (100%)



1.769 pictogramas instalados

**Programa da FAG mellora socio-comunitaria para a inclusión social.** Proxecto de accesibilidade cognitiva en contornos sociais e educativos

Co obxectivo de mellorar a comprensión da contorna polas persoas con TEA, favorecendo a súa autonomía persoal e a súa inclusión social, se procedeu a adaptación mediante Sistemas Alternativos de Comunicación da sinalética de diversos espazos principalmente: deportivos, educativos e sociais

#### PICTOGRAMAS INSTALADOS

- **Concello e Centros educativos de Muros** : 347 pictogramas instalados
- **Centros educativos de Pontearreas**: 699 pictogramas instalados.
- **Instalacións sociais e deportivas do Concello de Cerceda**: 261 pictogramas instalados
- **Instalacións sociais e deportivas do Concello de Ames**: 462 pictogramas instalados
- **Concello de Mondariz**: análise de espazos

## Área 2. Programa de Saúde

**O** bxectivo: desenvolver actuación orientas a sensibilizar e formar, divulgar e facer máis accesible o entorno sanitario ás persoas con TEA

### DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN A TRAVÉS DE MATERIAIS ELABORADOS.

A Federación Autismo Galicia ten elaborados diversos materiais e documentos que serven para a difusión sobre a temática obxecto desta área de traballo e que facilitan un maior coñecemento pola sociedade en xeral, así como polos profesionais sanitarios en particular. Durante o ano 2016 seguimos a distribuír as seguintes guías informativas, tanto a través da páxina web [www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org) como entregados en centros de saúde e hospitais a profesionais da saúde.

#### **Manual de Accesibilidade cognitiva**

para persoas con TEA, comprendo o meu entorno. Federación Autismo Galicia, 2014.

**Protocolo e decálogo de atención sanitaria** ao paciente con autismo. Federación Autismo Galicia, 2009.

**Recomendacións para a atención sanitaria** ao paciente con TEA e trastornos asociados. Federación Autismo Galicia, 2011.

Tamén se fixo difusión do material divulgativo e formativo:

**Tríptico** “Su próximo paciente tiene autismo”. Confederación Autismo España.

**Tríptico** “Comorbilidade no paciente con TEA”. Federación Autismo Galicia



Rebeca Carbarcos Bellas. Aspanaes. Ferrol



Teresa García Barcala, Sara Justo, Cipriano Jiménez e Emma Cuesta, dende a esquerda no Congreso de Solgaca, Vigo

### **PARTICIPACIÓN EN FOROS PARA PROMOVER A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO**

Fomentar e garantir a difusión e transferencia de coñecemento sobre a atención sanitaria ao paciente con TEA mediante a presenza en foros e actos relacionados coa sanidade en Galicia

#### **Comunicacións presentadas en congresos:**

VIII Xornada de Calidade e Seguridade do SERGAS e VII Congreso da Sociedade Galega de Calidade Asistencial. Baixo o título 'Atención ao Paciente con Tea: unha experiencia baseada no apoio a pacientes con necesidades específicas no CHUS' levouse a cabo esta presentación co obxectivo de dar a coñecer as medidas para mellorar a atención sanitaria e o acceso á mesma de persoas con necesidades específicas de apoio, concretamente con

TEA, no contexto do CHUS. Teresa García Barcala e E.Cuesta Fernández presentan a comunicación co obxectivo era dar a coñecer os seus resultados coa intención de replicalos noutros hospitais.

#### **Participación en xornadas relacionadas coa saúde e atención sanitaria:**

- ✓ Simposium sobre Atención Sanitaria Integral para persoas con TEA. Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC.
- ✓ Xornada Autonomía do Paciente. Fundación Hepérides.
- ✓ VII congreso da Sociedade Galega de Calidade Asistencial e VIII Xornadas de Calidade do Servizo Galego de Saúde.
- ✓ Xornada sobre el Reto de las Enfermedades Raras. EOXI de Santiago de Compostela e Fundación Ramón Domínguez.





## PROGRAMA DE MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA AO PACIENTE CON TEA:

### a. CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE SANIDADE DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.

A Comisión de Sanidade da FAG, se constitúe pola designación dos seus membros en febreiro de 2016. Os obxectivos iniciais marcados para esta constitución son crear unha rede de colaboración para establecer criterios de actuación coordinados e por consenso entre as entidades da FAG na abordaxe da saúde e atención sanitaria dos nosos beneficiarios, fortalecer a capacidade de incidencia técnica e política das nosas entidades no deseño e implementación de medidas de mellora de dita atención por parte da Administración pública, así como constituír unha rede de intercambio de boas prácticas en materia de saúde e atención sanitaria.

### b. PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA DOS ESPAZOS SANITARIOS.

Co obxectivo de mellorar a comprensión da contorna polas persoas con TEA, favorecendo a súa autonomía persoal e a súa inclusión social, se procedeu a adaptación mediante Sistemas Alternativos de Comunicación da sinalética de diversos espazos principalmente: deportivos, sociais e sanitarios. Desta maneira, igualmente que contribuímos a mellor a accesibilidade cognitiva dos mesmos damos visibilidade sobre distintas maneiras de comunicación

que facilitarán a comprensión, tanto das persoas con TEA, como de calquera outra que por razóns de enfermidade, idade, etc, poidan presentar dificultades nesta ámbito.

*Hospital Clínico de Santiago de Compostela (CHUS):* Durante o ano 2016, dase continuidade ao proxecto de accesibilidade cognitiva iniciado no ano 2015, co adaptación dos seguintes espazos:


Área de Neuroloxía de Adultos, Escola Hospitalaria de Pediatría, Área de Farmacia\*, consultas externas de Saúde Mental\*.

Total pictogramas instalados: 53  
*Centro de Saúde de Milladoiro:* Total pictogramas instalados: 70

4 *Centros de Saúde de A Estrada (Codeseda, Oca, A Estrada e Souto de Veá)*  
Total pictogramas instalados: 151

*Hospital Universitario de Ourense (CHOU)*

Durante o ano 2016 iniciase o proxecto de accesibilidade cognitiva no CHOU nos seguintes espazos: Planta Neuroloxía, Espazo Materno-Infantil. Total pictogramas instalados: 124



**Total pictogramas instalados en espazos sanitarios no 2016: 398**


**c. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE MELLORA NA ATENCIÓN SANITARIA.** No ano 2016 se desenvolveron accións para implementar melloras na atención sanitaria ao paciente con TEA en distintos centros sanitarios. Estas medidas foron as seguintes:

**PROFESIONAIS DE REFERENCIA PARA ATENCIÓN AO PACIENTE TEA.** Esta medida se propuxo no Hospital Clínico de Santiago de Compostela, concretamente se solicitou a mellora da atención sanitaria á muller con TEA, na consulta de xinecoloxía. Esta proposta se fundamenta na necesidade de facilitar o acceso da muller con autismo a esta consulta como parte do seu coidado da saúde, posto que para estas pacientes, a asistencia a este tipo de atención pode supoñerlles moitas



dificultades ligadas ao seu trastorno, o que leva como consecuencia que con moita frecuencia a desboten, algo moi prexudicial sobre todo de cara a aplicación da medicina preventiva.

**ESTUDO SOBRE A SAÚDE E ATENCIÓN SANITARIA.** Se iniciou no último semestre do ano 2016 a primeira fase do estudo sobre a saúde e atención sanitaria do



paciente con TEA, cuxo obxectivo xeral e dotarnos dun coñecemento máis detallado sobre a aspectos relacionados coa saúde de cara a poder implementar, no futuro medidas de atención e mellora ás persoas con autismo nesta materia.

Este estudo, analítico e descritivo, se desenvolverá coa recollida de información ao longo do ano 2017 e nel participarán familias de todas Galicia, o que nos permitirá ter unha mostra variada en canto a idade, sexo, diagnóstico primario, lugares de residencia e servizos aos que ten acceso á persoa con TEA, de maneira que todos estes datos se poidan relacionar nas conclusións finais do estudo que se realizarán no ano 2018.

Tamén é importante seguir facendo difusión da existencia e utilidades da tarxeta sanitaria dobre A, neste ano se avanzou no seu coñecemento por parte dos profesionais sanitarios. Unha das medidas acadadas no ano, e que se une ás do SERGAS como o apartado destinado á tarxeta na súa páxina web, foi a difusión na EOXI de Santiago de Compostela, igualmente a través da súa web, na que se inclúe o Protocolo de Uso da Tarxeta dobre A da Federación Autismo Galicia, 2015.



### Programa de mellora na atención o alumnado con TEA

O sistema educativo galego conta dende marzo de 2016 co primeiro **Protocolo para o Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo**. O protocolo é unha ferramenta de uso para profesionais do ensino e familias, que establece o camiño que deben seguir para unha atención o máis temperá posible e que axuda a orientar a intervención educativa que se debe realizar por todas as persoas que participan na educación do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo.

A Xunta, concretamente a Consellería de Educación e a Federación Autismo Galicia asinaron un **Convenio de Colaboración** no que se recolle as liñas que impulsarán a mellora de formación permanente así como accións de información e tamén de asesoramento aos profesionais da comunidade educativa no ámbito dos TEA. Outra das propostas é a de mellorar a súa comprensión e autonomía dentro do entorno educativo mediante o desenvolvemento do proxecto de accesibilidade cognitiva da Federación Autismo Galicia.

## Convenio coa consellería de Educación

Co obxectivo de mellorar a atención ao alumnado con autismo, o conselleiro de Educación, Román Rodríguez e mailo presente da Federación Autismo Galicia, Antonio de la Iglesia, asinaron no 2016 un convenio que pretende reforzar a súa colaboración neste ámbito. Unha das liñas fundamentais é que os profesionais da Federación poderán prestar asesoramento na atención educativa a este alumnado no propio centro, aos docentes e ás súas familias; e colaborarán na orientación sobre as metodoloxías máis axeitadas.

Tendo en conta a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros e sempre baixo a súa supervisión, o persoal especialista da Federación Autismo Galicia vai colaborar,

formar e asesorar a todos os axentes implicados na atención ao alumnado con TEA. A finalidade é a de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada a súa particular forma de ser e de aprender.

Outra das liñas que impulsa este acordo é a mellora da formación permanente do profesorado no ámbito do autismo, para o cal a Federación Autismo Galicia ofrecerá a súa axuda.

Así mesmo, levaranse a cabo iniciativas que contribúan á sensibilización e á difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo



O conselleiro de Educación, segundo pola esquerda, asina o convenio na sede da FAG

## Programa de accesibilidade na contornas educativas

O programa de accesibilidade pretende facilitar a autonomía personal da persoa con TEA mediante a implantación de medidas de accesibilidade cognitiva e axustes razoables nas diferentes contornas nas que se desenvolven os alumnos e alumnas con TEA facilitando así unha mellor comprensión dos espazos e das normas e mellorar a súa autonomía no entorno educativo. O seu obxectivo é a sinalización de espazos, normas nese espazo e proceso para realización dunha acción.

Concello de Cerceda. Unha Escola Infantil.  
24 'pictos'

Concello de Mondariz.  
598 'pictos'

Concello de Baiona.  
220 'pictos'



Concello de Cee.  
173 'pictos'

Concello de Muros.  
183 'pictos'

Concello de Pontareas. Sete centros educativos.  
699 'pictos'

### Servizo de información e promoción do emprego

Entre os obxectivos: Promover a contratación de persoas con TEA no mercado de traballo así como orientar e informar das posibilidades laborais para o noso colectivo

#### SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN


A Área Empleo da Federación Galicia realizou de información e orientación laboral ás persoas con TEA entidades asociadas e a outras persoas con autismo que acudiron ao servizo, así como as súas familias.

Un dos primeiro paso foi a recopilación da información necesaria para establecer o perfil socioprofesional da persoa, identificar características e necesidades das persoas. Acto seguido levouse a cabo valoracións funcionais referidas ás distintas áreas de desenvolvemento e ámbitos da vida das persoas con TEA, incidindo especialmente nos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten o desenvolvemento dun posto de traballo.

Un paso fundamental foi a realización de entrevistas de orientación. Tras esta primeira fase elaborouse o deseño e os itinerarios individuais e personalizados de inserción adecuados aos intereses e motivacións do usuario. Destaca a labor de asesoramento sobre avaliación de competencias e certificados de profesionalidade. Tamén as accións de información á familias e concreción de datos sobre a oferta formativa, tanto pública como privada.

#### LABORAL:

actividades usuarios das



Total beneficiarios: **54** persoas con TEA



### PROGRAMA DE PROSPECCIÓN LABORAL:

Autismo Galicia promoveu a contratación de persoas con autismo no mercado de traballo. Para levar a cabo esta función a entidade está en coordinación e contacto permanente coas empresas coas que se subscriben convenios de colaboración.

### CONVENIOS:

#### Convenio de Colaboración coa empresa Embalaxes Armando S.L.U (EMBAROX).

Asinouse un convenio no ano 2012 e continúa vixente a día de hoxe. **16 persoas** con TEA realizan prácticas formativas de emprego con apoio, realizando tarefas inherentes ao posto de operario, centradas na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos.

**Convenio de colaboración coa Fundación Nortempo ( 2016),** co obxecto de facilitar a inclusión sociolaboral das persoas con TEA da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio pretende promover a entrada no mercado laboral das persoas con TEA nas empresas vencelladas á Fundación Nortempo mediante programas de difusión e concienciación social, colaboración no desenvolvemento de accións formativas, concertación de prácticas e xestión de ofertas de traballo. **Total beneficiarios: 16 persoas con TEA**

A Área de Emprego de Autismo Galicia establece as redes de colaboración e os mecanismos de comunicación coa Confederación Autismo España e as entidades asociadas á Federación coa finalidade de intercambiar coñecementos sobre estratexias de inclusión laboral, recursos formativos, capacidades das persoas con TEA no eido laboral, así como compartir experiencias e boas prácticas. Así participouse no estudo de investigación da Confederación Autismo España sobre emprego e TEA para promover a inclusión laboral. Tamén se remitiu diariamente ás entidades asociadas á Federación información sobre axudas, subvencións e normativa e lexislación, así como outras noticias de interese en materia de emprego.

Por outra banda, ofreceuse formación para persoas con TEA dirixida a incrementar a súa empregabilidade mediante unha colaboración coa Fundación Menela programas formativos individuais e grupais para adquirir, desenvolver e manter habilidades sociolaborais e aprendizaxes específicas para a realización de tarefas laborais. Beneficiáronse 52 persoas con TEA. E na actualidade e en colaboración coa Asociación Aspanaes un programa formativo en formación prelaboral e habilidades na vida cotiá. Beneficianse 8 persoas con TEA.

Total beneficiarios: **60** persoas con TEA

### PROMOCIÓN COMERCIAL DOS PRODUTOS ELABORADOS POR PERSOAS CON TEA

**Convenio de colaboración coa Empresa Frutas Nieves SL.** Mantense desde 2013 a relación coa empresa Frutas Nieves S.L para a comercialización de marmeladas

elaboradas por persoas con TEA no obradoiro *Conservas e Marmeladas* do Centro Castro Navás. Aos cinco establecementos iniciais nos que se comercializaban, súmanselle colaboracións puntuais con outros establecementos da empresa e un novo punto de venda desde marzo de 2015.

**Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a exposición e venda dos produtos elaborados por persoas con TEA nos obradoiros de traballo.**

Participación nas dúas edicións anuais da Campaña de Boa Man organizada pola Concellaría de Política de Benestar do Concello de Vigo.

A Federación Autismo Galicia participou na elaboración de materiais de difusión e sensibilización para dar a coñecer ao colectivo e dar continuidade á difusión das ferramentas para a formación en habilidades sociolaborais para persoas con TEA elaboradas polo servizo de emprego, así como manuais para profesionais que traballan con persoas con TEA no ámbito do emprego:

Colaboración coa Confederación Autismo España na campaña que leva por título “ESTOY PREPARADO”. Colaborando na

elaboración de materiais de difusión e un video de sensibilización con testemuñas de persoas con Trastorno do Espectro do Autismo traballadoras e con empresarios que contrataron a ditas persoas.

**Difusión do DVD en Habilidades Prelaborais para Persoas con TEA.** Este DVD é unha ferramenta práctica, de apoio para a preparación das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo no seu proceso de integración ao mundo laboral. Elaborado polo servizo de emprego.

**Difusión do \_Manual do Preparador laboral para Persoas con TEA.** Este manual está centrado no emprego con apoio, facendo un percorrido polas diferentes fases e recollendo as principais funcións e principios que debe ter presente o preparador laboral en cada unha delas, así como as competencias que debe posuír para o axeitado desenvolvemento de todas as súas funcións Este manual foi elaborado polo servizo de emprego.





## Financiamento público e privado

As administracións públicas colaboran no mantemento da Federación Autismo Galicia e no desenvolvemento das súas actividades. Dende Autismo Galicia, réndense contas a cada un dos organismos sobre a utilización destes fondos e a fin á que se destinan.

### FONDOS PÚBLICOS



Consellería de Política Social.

Convenio de Mantemento 2016 – 155.044€.

Convenio para promover a atención das persoas con TEA e as súas familias en Galicia e para o mantemento da FAG e das súas entidades federadas



Consellería de Política Social. Dirección Xeral de Maiores 2016 – 19.986,96€. Desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación para persoas con Discapacidade na comunidade galega



Consellería de Economía, Emprego e Industria. Subvención Axentes de Emprego 2015 – 52.976,16€. Gracias a esta achega mantense en funcionamento o Servizo de Emprego composto por dúas axentes de emprego especializadas en TEA.



Subvención Programas de Cooperación 2015 – 17.667€. Autismo Galicia é beneficiaria do Programa de Cooperación, destinado a promover o emprego con fins de interese xeral. Gracias a el, dispón na actualidade dunha traballadora social.



Servizo Galego de Saúde 2016 - 10.607€. Convenio para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario.



Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

Apoio e descanso para familias e coidadores 2015 – 9.000€. Grazas a esta aportación, realízanse actividades de

respiro familiar e ocio terapéutico nas que participan persoas con TEA pertencentes ás entidades federadas.

**Inserción Sociolaboral para persoas con TEA 2015 – 8.000€.** Con este financiamento realízanse actividades dirixidas a mellorar

a empregabilidade das persoas con TEA ese contribúe ao funcionamento do servizo de emprego de Autismo Galicia.

**Promoción da Autonomía Persoal para persoas con TEA 2015 – 9.500€.** A través desta financiación realízanse accións encamiñadas a xerar coñecemento sobre os TEA e promover a sensibilización da sociedade para favorecer a súa inclusión social e a das súas familias.



**Deputación da Coruña 2016 – 4.193,86€.** Financiación de actividades dirixidas a mellorar a accesibilidade cognitiva das persoas con TEA en concellos da provincia de A Coruña.



**Concello de Santiago. 2016 – 1.409,15€.** A través desta axuda realízanse actividades destinadas a mellorar a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado de persoas con TEA.

## FONDOS PRIVADOS

En Autismo Galicia recibimos apoio por parte de entidades privadas dispostas a colaborar no desenvolvemento dos programas da Federación, como poden ser fundacións ou empresas. En curso:

### Fundación Barrié

**Fundación Barrié 2016 – 16.897,56.** Programa **Más Social.** Axuda para a contratación de persoal directivo, e programa formativo.



**Fundación Roviralta 2015 – 12.000€**


**COIDAMOS TEA.** Proxecto para o empoderamento de familias e entidades locais na atención aos TEA. Execución de medidas de formación e asesoramento complementadas con accións encamiñadas a tecer redes de cooperación entre as familias, a administración pública e a Federación Autismo Galicia.



**Fundación ONCE 2015 – 4.000€** Adaptación de servizos públicos mediante pictogramas

Este proxecto busca facer accesibles distintos espazos públicos que son utilizado de cotío por persoas con TEA a través da súa sinalización con pictogramas.

# Autismo Galicia nos medios



# As contas

## BALANCE DE SITUACION DE PYMESFL DO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016

### Federación Autismo Galicia

(en euros)

Números de contas	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2016	2015
	<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>280.222,25 €</b>	<b>296.664,18 €</b>
20,(280),(290)	I. Inmobiliado intanxible	5	522,39 €	973,09 €
24,(299)	II. Bens do Patrimonio Histórico		- €	- €
21,(281),(2831),(291),23	III. Inmobiliado material	5	279.699,86 €	295.691,09 €
22,(282),(2832),(292)	IV. Inversións inmobiliarias		- €	- €
2503,2504,2513,2514,2523, 2524,(2593),(2594),(2933),(2934), (2943),(2944),(2953),(2954)	V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a longo prazo		- €	- €
2505,2515,2525,(2595),260,261,262, 263,264,265,268,(269),27,(2935), (2945),(2955),(296),(297),(298)	VI. Inversións financeiras a longo prazo		- €	- €
474	VII. Activos por Impuesto diferido		- €	- €
	<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>206.346,31 €</b>	<b>161.138,37 €</b>
30,31,32,33,34,35,36,(39),407	I. Existencias		1.176,80 €	1.857,00 €
447,448,(495)	II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	6	37.820,01 €	43.212,34 €
430,431,432,433,434,435,436,(437), (490),(493),440,441,446,449,460, 464,470,471,472,544,558	III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	8 - 11.3	87.368,09 €	81.732,12 €
5303,5304,5313,5314,5323,5324, 5333,5334,5343,5344,5353,5354, (5393),(5394),5523,5524,(5933), (5934),(5943),(5944),(5953),(5954)	IV. Inversións en entidades do grupo e asociadas a curto prazo		- €	- €
5305,5315,5325,5335,5345,5355, (5395),540,541,542,543,545,546, 547,548,(549),551,5525,5590,565, 566,(5935),(5945),(5955),(596),(597),(598)	V. Inversións financeiras a curto prazo	8	150,00 €	- €
480,567	VI. Periodificacións a curto prazo	8	201,57 €	202,31 €
57	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8	79.629,84 €	34.134,60 €
	<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>486.568,56 €</b>	<b>457.802,55 €</b>

Números de contas	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2016	2015
	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>340.307,83 €</b>	<b>346.640,17 €</b>
	<b>A-1) Fondos propios</b>	<b>10</b>	<b>42.820,47 €</b>	<b>33.429,73 €</b>
	<b>I. Dotación fundacional/Fondo social</b>		<b>24.612,04 €</b>	<b>24.612,04 €</b>
100,101	1. Dotación fundacional/Fondo social		24.612,04 €	24.612,04 €
(103),(104)	2. (Dotación fundacional non existido/Fondo social non existido)		- €	- €
11	II. Reservas		27.148,26 €	27.148,26 €
120,(121)	III. Excedentes de exercicios anteriores		- 18.330,57 €	- 27.703,09 €
129	IV. Excedente del ejercicio	3	9.390,74 €	9.372,52 €
13	<b>A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b>	<b>13</b>	<b>297.487,36 €</b>	<b>313.210,44 €</b>
	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
14	I. Provisións a longo prazo		- €	- €
	II. Deudas a largo prazo		- €	- €
1605,17	1. Débedas con entidades de crédito		- €	- €
1625,174	2. Acredores por arrendamento financeiro		- €	- €
1615,1635,171,172,173,175,176, 177,179,180,185	3. Outras débedas a longo prazo		- €	- €
1603,1604,1613,1614,1623,1624, 1633,1634	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo		- €	- €
479	IV. Pasivos por imposto diferido		- €	- €
181	V. Periodificacións a longo prazo		- €	- €
	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>146.260,73 €</b>	<b>111.162,38 €</b>
499,529	I. Provisións a curto prazo		- €	- €
	II. Débedas a curto prazo	<b>9</b>	<b>116.124,98 €</b>	<b>102.346,31 €</b>
5105,520,527	1. Débedas con entidades de crédito.		29.107,33 €	- €
5125,524	2. Acredores por arrendamento financeiro.		- €	- €
50,5115,5135,5145,521,522,523, 525,528,551,5525,555,5565,5566, 5595,560,561	3. Outras débedas a curto prazo.	<b>9 - 13</b>	87.017,65 €	102.346,31 €
5103,5104,5113,5114,5123,5124, 5133,5134,5143,5144,5523,5524, 5563,5564	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo.		- €	- €
412	IV. Beneficiarios-acreedores.	<b>7</b>	- €	- €
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	<b>9</b>	<b>30.135,75 €</b>	<b>8.816,07 €</b>
400,401,403,404,405,(406)	1. Provedores.		- €	26,47 €
410,411,419,438,465,475,476,477	2. Outros acredores.		30.135,75 €	8.789,60 €
485,568	VI. Periodificacións a curto prazo.		- €	- €
	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)</b>		<b>486.568,56 €</b>	<b>457.802,55 €</b>

Formulan as presentes contas anuais compostas de Balance, Conta de Resultados e Memoria en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2017 a Xunta Directiva.

**CONTA DE RESULTADOS DE PYMESFL DO EXERCICIO ANUAL**  
**TERMINADO O 31 DE DICIEMBRE DE 2016**  
**Federación Autismo Galicia**  
 (en euros)

NÚMEROS DE CONTAS		Nota da memoria	(Debe) Haber	
			2016	2015
	<b>A) Excedente do exercicio</b>		<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
	<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia.</b>		<b>334.287,05 €</b>	<b>281.903,28 €</b>
720	a) Cotas de asociados e afiliados		3.120,00 €	2.860,00 €
721	b) Aportacións de usuarios		18.206,08 €	15.462,08 €
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións.	12	32.897,56 €	30.246,34 €
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados imputados a resultados do exercicio	13	280.063,41 €	233.334,86 €
728	e) Reintegro de axudas		- €	- €
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	<b>2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil</b>		<b>1.346,15 €</b>	<b>1.157,02 €</b>
	<b>3. Axudas monetarias e outros</b>		<b>- 2.332,09 €</b>	<b>- 1.540,43 €</b>
(650)	a) Axudas monetarias	12	- €	100,00 €
(651)	b) Axudas non monetarias	12	- 699,42 €	- €
(653),(654)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		- 774,82 €	- 1.212,39 €
(658)	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	13	- 857,85 €	- 228,04 €
	<b>4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
(6930),71*,7930	<b>5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
73	<b>6. Aprovisionamentos</b>	12	- 50.826,36 €	- 43.591,74 €
(600),(601),(602),606,(607),608,609,61*,(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	<b>7. Outros ingresos da actividade</b>		<b>170,33 €</b>	<b>0,01 €</b>
740,747,75,778	<b>8. Gastos de persoal</b>	12	- 208.491,91 €	- 168.653,74 €
(64)	<b>9. Outros gastos da actividade</b>	12	- 62.270,66 €	- 57.762,95 €
(62),(631),(634),636,639,(655),(656),(659),(694),(695),(678),794,7954	<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	5	- 16.581,81 €	- 15.503,91 €
(68)	<b>11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio</b>	13	15.862,96 €	14.550,98 €
745,746	<b>12. Excesos de provisións</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
7951,7952,7955	<b>13. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado.</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770,771,772,790,791,792	<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)</b>		<b>11.163,66 €</b>	<b>10.558,52 €</b>
760,761,762,769	<b>14. Ingresos financeiros</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
(660),(661),(662),(665),(669)	<b>15. Gastos financeiros</b>		<b>- 1.772,92 €</b>	<b>- 1.186,00 €</b>
(663),763	<b>16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
(668),768	<b>17. Diferencias de cambio</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
(666),(667),(673),(675),(696),(697),(698),(699),766,773,775,796,797,798,799	<b>18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)</b>		<b>- 1.772,92 €</b>	<b>- 1.186,00 €</b>
	<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.2+A.3)</b>		<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
(6300)*,6301*,(633),638	<b>19. Impostos sobre beneficios</b>	11	- €	- €
	<b>A.4) Variación do patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3+19)</b>		<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
	<b>B) Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto**</b>		<b>269.945,82 €</b>	<b>244.880,09 €</b>
	<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>269.106,52 €</b>	<b>231.194,37 €</b>
	<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>		<b>839,30 €</b>	<b>13.685,72 €</b>
	<b>3. Outros ingresos e gastos</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>4. Efecto impositivo</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)</b>		<b>269.945,82 €</b>	<b>244.880,09 €</b>
	<b>C) Reclasificacións ó excedente do exercicio</b>		<b>- 285.668,90 €</b>	<b>- 245.745,35 €</b>
	<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>- 276.769,68 €</b>	<b>- 239.451,36 €</b>
	<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>		<b>- 8.899,22 €</b>	<b>- 6.293,99 €</b>
	<b>3. Outros ingresos e gastos</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>4. Efecto impositivo</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>C.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacións ó excedente do exercicio (1+2+3+4)</b>		<b>- 285.668,90 €</b>	<b>- 245.745,35 €</b>
	<b>D) Variacións do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto (B.1+C.1) **</b>		<b>- 15.723,08 €</b>	<b>- 865,26 €</b>
	<b>E) Axustes por cambios de criterio</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>F) Axustes por erros</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>G) Variacións na dotación fundacional ou fondo social</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>H) Outras variacións</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
	<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)</b>		<b>- 6.332,34 €</b>	<b>8.507,26 €</b>

\* O seu signo pode ser positivo ou negativo

\*\* Para calcular este saldo as entidades deberán identificar os aumentos (ingresos e transferencia de perdas) e diminucións (gastos e transferencias de ganancias) no patrimonio neto orixinados polas diferentes operacións contabilizadas no subgrupo 13.

Formulan as presentes contas anuais compostas de Balance, Conta de Resultados e Memoria en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2017 a Xunta Directiva.



*GRAZAS POR FACERLO POSIBLE*